



## Proxecto Agueiro + Proxecto WEBS Dinámicas

### Un sistema integral para a xestión do ensino dixital

Tanto **AGUEIRO** como **MOODLE 2** (Webs Dinámicas) incorporan un sistema de soporte e integración entre as dúas plataformas que permite a interconexión entre elas posibilitando así un novo modelo integral para a xestión do ensino dixital.

## En que consiste esta integración?

A partir da incorporación de **Moodle 2** ao proxecto **WebsDinámicas**, ofrecemos aos centros educativos a interconexión co proxecto Agueiro que se materializa da seguinte maneira:

### 1. Inicio único de sesión (single sign-on) desde Moodle hacia as dúas plataformas

Desta maneira, os usuarios da aula virtual (Moodle) do centro estarán habilitados automaticamente para acceder tamén a Agueiro sen necesidade de identificarse dúas veces, podendo pasar de unha a outra plataforma con só un clic do rato.

### 2. Exportación e transferencia de contidos entre as dúas plataformas

Entre Moodle e Agueiro poderán transferirse diversos tipos de elementos e contidos.



## Requisitos previos que debe cumplir o centro educativo

Os centros educativos que desexen realizar esta integración da súa Aula Virtual (Moodle) con Aqueiro, previamente deberán cumprir os seguintes dous requisitos:

**1. O centro debe ter instalada a nova versión da Aula Virtual (Moodle 2.6) do proxecto Webs Dinámicas**

Se o centro educativo aínda non solicitou a migración da versión 1.8 á versión 2.6 da súa aula virtual do proxecto Webs Dinámicas, non será posible realizar esta integración.

Se éste é o caso no que se atopa o centro, en primeiro lugar deberá solicitar a migración (actualización) da súa aula virtual á nova versión, enviando un correo a "[websdinamicas@edu.xunta.es](mailto:websdinamicas@edu.xunta.es)" desde a conta de correo do propio centro.

**2. O centro educativo debe dispoñer dunha comunidade educativa virtual propia, dentro da plataforma Aqueiro.**

O segundo requisito para poder realizar esta integración será que o centro educativo xa dispoña dunha "comunidade educativa virtual" activada en Aqueiro.

No caso de que o centro aínda non dispoña desta comunidade virtual, deberá solicitala enviando un correo electrónico a "[aqueiro@edu.xunta.es](mailto:aqueiro@edu.xunta.es)" desde a conta de correo do propio centro.

## Como solicitar e realizar a integración de Agueiro + Moodle

Os centros educativos que cumplan os dous requisitos anteriores poderán solicitar esta integración enviando un correo a “[agueiro@edu.xunta.es](mailto:agueiro@edu.xunta.es)”, desde a conta de correo do propio centro educativo.

Para facer efectiva esta integración será necesario realizar varias configuracións tanto en **Agueiro** (na comunidade educativa virtual do centro) como na **Aula Virtual** (Moodle) do propio centro educativo.

### 1. Configuración de Agueiro

Esta configuración será realizada polos responsables do proxecto Agueiro, unha vez recibida a solicitude por parte do centro educativo.

### 2. Configuración da Aula Virtual (Moodle) do centro.

Esta configuración será realizada por un administrador da aula virtual do centro educativo, seguindo as instrucións que lle serán remitidas desde o proxecto Agueiro.

Para realizar esta configuración, o centro educativo poderá solicitar a axuda do/a **asesor/a Abalar** da súa zona así como tamén dos responsables do proxecto Agueiro a través da conta de correo “[agueiro@edu.xunta.es](mailto:agueiro@edu.xunta.es)”

## Como podo acceder desde Moodle a Agueiro?

av Estás identificado como [Profesor 1](#) (Saír)

### AULA VIRTUAL

**NAVEGACIÓN**

**Páxina principal**

- A miña área persoal
- Páxinas do sitio
- Meu perfil
- Cursos

**ADMINISTRACIÓN**


- Configuración do meu perfil

**MENÚ PRINCIPAL**

- Noticias do sitio

Buscar en cursos:

**SERVIDORES DE REDE**

-  **AGUEIRO**


**CALENDARIO**

◀ Outubro 2016 ▶

dom	lun	mar	mér	xov	ven	sáb
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Cando está feita a integración de Agueiro coa aula virtual do centro, na aula virtual móstrase un **novo bloque** que permite aos usuarios desta aula virtual entrar en Agueiro directamente

## Como podo acceder desde Agueiro a Moodle?



**Cambiar contrasinal**

É preciso que cambie o seu contrasinal antes de continuar.

**Novo contrasinal: \***

O teu novo contrasinal. Os contrasinais deben distinguir entre maiúsculas e minúsculas e debe ser diferente do teu nome de usuario. Por razóns de seguridade, considera o uso dunha frase de paso. Unha frase de paso é unha frase en lugar dunha sola palabra. Considera o uso da cita preferida ou lista de dúas (ou máis) das túas cousas favoritas, separadas por espazos.

**Confirmar contrasinal: \***

Confirmación do teu novo contrasinal

**Profesor 1** | Axustes | 0 | Pechar sesión

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Taboleiro | Contidos | Portafolio | Grupos

Profesor 1  
Procede de Aula Virtual de Probas

En liña (Últimos 10 minutos)  
Profesor 1  
Mostrar todos os usuarios conectados


A **primeira vez** que un usuario accede a Agueiro desde a **aula virtual** do seu centro, deberá confirmar o seu contrasinal

Para volver á aula virtual, o usuario deberá pulsar sobre o enlace que identifica á aula virtual do seu propio centro.

## Como interactúan Agueiro e Moodle?

### Exemplo 1: Crear unha tarefa en Moodle para que a resolva o alumno en Agueiro

Como profesor, podes engadir unha nova actividade de tipo “Tarefa” dentro dun curso de Moodle indicando que o “Tipo de entrega” para esa tarefa será “Portafolio Agueiro”.



The screenshot shows the Moodle configuration interface for activity types. A red arrow points to the 'Tipos de entrega' section, where 'Portafolio Agueiro' is selected with a red box. A green arrow points from a text box to the 'Bloquear as páxinas xa enviadas' dropdown menu, which is set to 'Si'. The text box explains that selecting this option locks the Agueiro page created by the student until the task is corrected in Moodle.

Tipos de entrega

Tipos de entrega  Portafolio Agueiro  Entregas de ficheiros  Texto en liña

Sitio

Bloquear as páxinas xa enviadas

Número máximo de ficheiros enviados

Tamaño máximo da entrega


Se o profesor selecciona esta opción, a páxina de Agueiro creada polo alumno quedará bloqueada (non se poderá modificar) ata que o profesor corrixa a tarefa no curso de Moodle

Para resolver esta tarefa, o alumno deberá elaborar unha (ou varias) páxinas en Agueiro que finalmente deberá engadir no curso de Moodle como solución á tarefa.

## Como interactúan Agueiro e Moodle?

### Exemplo 2: Exportar un foro de Moodle a Agueiro

Os usuarios participantes nun **Foro**, dentro dun curso de **Moodle**, teñen a posibilidade de exportar a **Agueiro** todo ou parte do contido do foro pulsando sobre o enlace “**Exportar ao portafolio**” ou “**Exportar a discusión enteira**”



Os contidos exportados do Foro engádense en **Agueiro** en **dous formatos posibles**:


1. Se o usuario selecciona exportar en **formato HTML**, o contido do foro engadiráse en Agueiro dentro da área privada de ficheiros do propio usuario, en forma de ficheiro HTML (**menú de Agueiro** = “**Contidos** → **Ficheiros**”)
2. Se o usuario selecciona exportar en **formato Leap2A**, o contido do foro engadiráse en Agueiro dentro da área de blogs privados do usuario (**menú de Agueiro** = “**Contidos** → **Blog**”)



## Como interactúan Agueiro e Moodle?

### Exemplo 3: Exportar un ficheiro de Moodle a Agueiro

Como profesor, podes engadir unha nova actividade de tipo “**Tarefa**” dentro dun curso de Moodle indicando que o “**Tipo de entrega**” para esa tarefa será “**Entregas de ficheiros**”.



The screenshot shows the 'Tipos de entrega' (Delivery types) configuration for a Moodle activity. A red arrow points to the 'Entregas de ficheiros' (File submissions) option, which is selected with a blue checkmark and highlighted by a red box. Other options include 'Portafolio Agueiro' and 'Texto en liña'. Below the selection, there are settings for 'Sitio' (set to 'AGUEIRO'), 'Bloquear as páxinas xa enviadas' (set to 'Si'), 'Número máximo de ficheiros enviados' (set to '1'), and 'Tamaño máximo da entrega' (set to 'Actividade límite de envío (50MB)').



1. Se o alumno **exporta** o ficheiro en formato “**File**” (ficheiro), o ficheiro engadiráse en Agueiro dentro da área privada de ficheiros do propio usuario (**menú de Agueiro** = “**Contidos** → **Ficheiros**”)
2. Se o alumno **exporta** o ficheiro en formato **Leap2A**, o ficheiro tamén se engadirá en Agueiro dentro da área privada de ficheiros do propio usuario, pero dentro dun cartafol específico (**menú de Agueiro** = “**Contidos** → **Ficheiros**”)

## Como interactúan Agueiro e Moodle?


### Exemplo 4: Sincronización dos datos do perfil do usuario


Moitos dos datos do perfil do usuario sincronízanse de forma automática desde **Moodle** hacia **Agueiro**, de acordo aos seguintes criterios:

1. A primeira vez que o usuario pasa desde Moodle a Agueiro, pulsando no enlace “Agueiro” do bloque “Servidores de rede”, sincronízanse con Agueiro os datos do perfil do usuario introducidos en Moodle.
2. Cada vez que o usuario modifica algún dos seus datos persoais en Moodle, ese dato tamén se actualiza en Agueiro.

Os campos do perfil do usuario que se sincronizan de forma automática son os seguintes:

- Nome
- Apelidos
- Nome de usuario
- Imaxe (foto) do usuario
- Cidade / Vila
- Descrición





Proxecto Agueiro + Proxecto WEBS Dinámicas

